

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 28 DE DECEMBRO DE 2023**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00054249L.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00044248P.**

Validación, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, as actuacións realizadas respecto da formalización do contrato da Subministración de COMBUSTIBLE líquido, pago de peaxes de autoestradas, subministración de material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricante) dos vehículos do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela

Apróbase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, as actuacións realizadas respecto da formalización do contrato da Subministración de COMBUSTIBLE líquido, pago de peaxes de autoestradas, subministración de material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricante) dos vehículos do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: **2022/00020480H.**

Prórroga do contrato de servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela, subscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A, polo prazo de un ano, a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela, subscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A, polo prazo de un ano, a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Segundo.- O gasto derivado deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 060 13300 2270100. TRÁFICO. TRABALLOS REALIZADOS POR OUT EMPRESAS.

SEGURIDADE. O gasto da anualidade 2024 queda subordinado ao crédito que se autorice no respectivo o orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O importe da prórroga do contrato é de 663.119,12 €.

4. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: **2023/00054169P.**

Proposta para a aprobación da Certificación Única final da obra "Pintado de pretils das rotondas avda. Lugo e Rúa de Roma sobre a SC-20".

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación única-final e correspondente á factura Emit- 202310030 F/2023/5223 da obra "Pintado de pretils das rotondas avda de Lugo e Rúa de Roma sobre a SC-20" por importe de 47.916,85 euros IVE incluído, expedida en data 17/10/2023 por ACEINSA SALAMANCA, S.A.

5. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00054318L.**

[Convalidación da omisión da función interventora e autorización, disposición e recoñecemento da obriga xunto coa liquidación dos gastos por importe de 54.139,08€ a Aceinsa, polo mes de agosto de 2023.]

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de agosto de 2023.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cincuenta e catro mil cento trinta e nove euros con oito céntimos (54.139,08€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento. Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias.

7. COMERCIO. Referencia: **2023/00048275W**

[Aprobación da xustificación de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial anualidade 2023.]

Acórdase

Primeiro: aprobar a xustificación das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen, ao abeiro da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial anualidade 2023: Fundación Santiago Centro, Área Comercial (19.268,88 euros), Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca (4.121,54 euros), Asociación de Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental (24.567,49 euros), Asociación Punto Compostela CCA (20.258,12 euros), Asociación de Artesáns e Comerciantes Ourives de Compostela (14.654,76 euros).

Segundo: aprobar o recoñecemento da obriga a favor das persoas e polos importes indicados no punto primeiro desta proposta de resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Terceiro: Liberar o crédito remanente por importe de 2.129,20 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 dacordo cos seguintes saldos de créditos inicialmente comprometidos e non xustificados, polo que non procede o recoñecemento da obriga respecto a eles:

- Saldo de 52,66 euros por xustificación insuficiente na subvención concedida a Em Rede.

- Saldo de 168,34 euros por xustificación insuficiente na subvención concedida a Punto Compostela. Saldo de 1.908,20 euros por xustificación insuficiente na subvención concedida a Ourives de Compostela.

8. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: **2023/00030949H.**

[Aprobación da xustificación e o pagamento de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2023.]

Acórdase aprobar a xustificación e o pagamento de subvencións a 32 asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2023 por un importe total de 78.575.95 euros con cargo á aplicación orzamentaria 060 33404 4890100/2023

9. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2023/00009197W.**

Aprobación da concesión dos premios de creación literaria Selic 2023 |

Acórdase:

1. Conceder o premio de creación literaria SELIC 2023, á vista da acta da reunión celebrada polo xurado o 8 de novembro de 2023, á obra Onde habita a tolemia da autora: María Montserrat Fajardo Pérez.
2. Deixar deserto o accésit.
3. Recoñecer a obriga económica que se deriva da concesión e que, de acordo coas bases da convocatoria dos premios a María Montserrat Fajardo Pérez por valor de 6.000 euros – 900 euros de retención de IRPF (15%)= 5.100 euros.
4. Ordenar o pago do premio.

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2023/00030812L.**

Aprobación da proposta xustificación subvención nominativa 2023 Asociación Cultural Rocha Forte |

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación da subvención nominativa da Asociación Cultural Rocha Forte visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio.
2. Recoñecer a obriga por importe de 2.621 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33400 4890003.
3. Ordenar o pago do importe da subvención polo importe de 2.621 €.